

administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Todo isto sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Pontevedra, 27 de decembro de 2011.—O Secretario, ilexible.

2011012577

## AYUNTAMIENTOS

### PONTEAREAS

#### A N U N C I O

Ao non producirse reclamacións contra a aprobación inicial das seguintes modificacións de ordenanzas fiscais municipais, aprobadas pola Corporación Municipal en sesión plenaria do 18 de outubro de 2.011 queda elevado o acordo a definitivo, cujos textos íntegros son os seguintes:

- *Modificación da ordenanza, na taxa, por asistencia e estancia en fogares e residencias de anciáns, garderías infantís, albergues e outros establecementos de natureza análoga.*

#### “ANEXO: TARIFA

##### TAXA DA ORDENANZA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL

1.—O prezo por asistencia é de 117,15 euros mensuais. Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, aplicaranse sobre este prezo as seguintes reducións totais ou parciais:

- Inferior ao 50% do salario mínimo interprofesional (SMI), redución do 100%: 0 euros.
- Entre o 50% e o 75% do SMI, redución do 70%: 35,14 euros.
- Superior ao 75% e inferior ao 100% do SMI, redución do 40%: 70,29 euros.
- Entre o 100 e 150% do SMI, redución dun 10%: 105,43 euros.

Os nenos que permanezan na escola infantil medio día aboarán a taxa correspondente a media xornada.

2.—Prezo por servizos complementarios.

- Servizo de comedor: o prezo por este servizo é de 35,14 euros mensuais.
- Horario ampliado: o prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario normal será de 14,67 euros.
- Servizo de merenda: o prezo deste servizo é de 20 euros mensuais. Cando se utilice este servizo de forma esporádica, pagarase 1,50 euros por día e neno.

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, aplicaranse sobre os prezos dos servizos anteriores reducións totais ou parciais:

- Inferior ao 30% do SMI: redución do 100%.
- Entre o 30 e 100% do SMI: redución do 50%

3.—Descontos.

- Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto nos puntos 1 e 2 anteriores, aplicaranse os seguintes descontos:
  - Nenos/as pertencentes a familias numerosas: desconto dun 20%.
  - Nenos/as pertencentes a familias monoparentais: desconto dun 20%.

Asistencia de dous ou máis irmáns ao centro: 20% de desconto por cada neno/a atendido/a. No caso de que estes irmáns nacesen en parto múltiple, o desconto será dun 30%.

4.—Modificación da taxa.

Poderase modificar a taxa, establecida segundo a renda per cápita, cando se produza unha variación superior ao 20% na situación actual da familia, apreciada en calquera documentación laboral que acredite este extremo, fronte á declarada na solicitude de praza.”

— Modificación da ordenanza reguladora da taxa por servizos de baños duchas, piscinas, instalacións deportivas e outros servizos análogos, modifícase o anexo da ordenanza, que quedaría redactado do seguinte xeito:

“ANEXO TARIFA.

**TAXAS POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS  
DA PISCINA, PAVILLÓN E PISTA ANEXA.**

**TARIFAS PROPOSTAS DOS ABONOS, CON IVE, en €**

Tarifa	Mensual	Trimestral	Semestral	Anual
Abonado individual (piscina e sauna)	22,00	60,00	117,00	239,00
Abonado familiar ( piscina e sauna)	34,00	96,00	189,00	383,00
Abono maxi individual (zona acuática e zona dinámica)	45,00	129,00	255,00	515,00
Abono maxi parella ( zona acuática e zona dinámica)	52,50	151,50	293,00	583,00
Abono zona acuática individual (piscina/sauna/SPA)	30,00	84,00	165,00	325,00
Abono zona acuática familiar (piscina/sauna/SPA)	42,00	120,00	237,00	469,00
<i>Por cada membro do “Abono zona acuática familiar” que utilice a zona dinámica serán 18 euros ao mes por persoa</i>				
Abono zona dinámica individual	32,00	90,00	177,00	339,00
Matrícula de inscrición	18,00			
Cota de mantemento	7,00			

Tarifa	Frecuencia	Abonados/MES	Non abonados/Mes
Natación con monitor	3 días/semana	19,95	39,63
Natación con monitor	2 día/semana	16,85	30,27
Natación con monitor	1 día/ semana	13,33	19,98
Bebés/Embarazadas	2 días/semana	18,01	39,47
Bebés/Embarazadas	1 día /semana	12,52	20,23
Patinaxe de adultos	2 días	16,34	27,48
Patinaxe de adultos	1 día	13,33	19,98
Patinaxe	3 días	19,34	36,18
Rehabilitación	2 días	22,10	44,21

**TARIFAS ACTUAIS DOUTROS SERVIZOS, CON IVE**

Concepto	Frecuencia	Importe €
Tenis para abonados	1 hora	2,46
Tenis para non abonados	1 hora	4,91
Pavillón sen luz	1 hora	12,30
Pavillón con luz	1 hora	16,39
Natación extraescolar	Mes	10,00
Actividade extraescolar 1 hora á semana	Mes	12,00
Pádel	1h 30 minutos	10,00
Entrada á zona acuática	1h 30 minutos	3,85
Entrada á zona acuática a menores de 16 anos	1h 30 minutos	2,50
Entrada á zona dinámica	1h 30 minutos	6,00
Entrada á piscina ao aire libre		3,50

Ponteareas, 20 de decembro de 2011.—O Alcalde, Salvador González Solla.

2011012443